

O ESCRITOR NA SÚA TERRA

a escritora na súa terra

A Homenaxe *O Escritor na súa Terra*, impulsada pola Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua

Galega (AELG), chega este ano á súa **XVII Edición** recaendo, por decisión unánime da súa Asemblea de Socios e Socias, na figura de **Paco Martín**, que será homenaxeado na súa terra natal, a cidade de **Lugo**.

Esta iniciativa anual conforma xa unha tradición na traxectoria da Asociación, e tense constituído ao longo de década e media como unha celebración na que a terra de orixe do homenaxeado/a cobra un protagonismo fundamental. É vontade da AELG **honrar escritores/as** procurando o contacto directo co autor/a e a súa implicación persoal na xornada de homenaxe.

Unha celebración múltiple e popular na que se vén recoñecendo a entidade literaria de insignes figuras das nosas letras, a través dunha serie de eventos como a entrega do galardón **Letra E de escritor/a** (unha peza escultórica asinada por un/ha recoñecido/a artista galego/a, neste caso Silverio Rivas), **a plantación dunha árbore simbólica** (un carballo) elixida polo propio autor), a colocación **dun monólito conmemorativo** e a **atribución do nome do homenaxeado/a a un espazo público ou infraestrutura cultural**, neste caso a Biblioteca Municipal do barrio da Piringalla.

anteriores mercedores deste galardón

- **I Edición**
ANTÓN AVILÉS DE TARAMANCOS
1995 · Boa, Taramancos
- **II Edición**
BERNARDINO GRAÑA
1996 · Cangas do Morrazo
- **III Edición**
MANUEL MARÍA
1997 · Outeiro de Rei
- **IV Edición**
MARÍA XOSÉ QUEIZÁN
1998 · Vigo
- **V Edición**
XOSÉ NEIRA VILAS
1999 · Gres, Vila de Cruces
- **VI Edición**
UXÍO NOVONEYRA (póstumo)
2000 · Parada do Courel
- **VII Edición**
LUZ POZO GARZA
2001 · Ribadeo
- **VIII Edición**
XOSÉ CHAO REGO
2002 · Vilalba
- **IX Edición**
XOSÉ FERNÁNDEZ FERREIRO
2003 · Nogueira de Ramuín
- **X Edición**
SALVADOR GARCÍA-BODAÑO
ZUNZUNEGUI
2004 · Teis, Vigo
- **XI Edición**
PURA E DORA VÁZQUEZ
2005 · Ourense
- **XII Edición**
MARÍA DO CARME KRUCKENBERG
2006 · Vigo
- **XIII Edición**
MANUEL LOURENZO
2007 · O Valadouro
- **XIV Edición**
XOSÉ VÁZQUEZ PINTOR
2008 · Melide
- **XV Edición**
AGUSTÍN FERNÁNDEZ PAZ
2009 · Vilalba
- **XVI Edición**
MARILAR ALEIXANDRE
2010 · Santiago de Compostela

programa de actos

11.30 h
Avda. Ramón Ferreiro
(á altura do número 16).
Plantación da árbore simbólica do escritor e descubrimento do monólito conmemorativo

INTERVENEN:

- Cesáreo Sánchez Iglesias
Presidente da AELG
- Mercedes Queixas Zas
Secretaria xeral da Aelg
- Paco Martín

12.30 h

Salón de Plenos do Concello de Lugo

Acto de entrega da “Letra E” e anuncio da inauguración da Biblioteca do Barrio da Piringalla co nome de Paco Martín

INTERVENEN:

- Alcalde de Lugo
- Mercedes Queixas Zas
Secretaria Xeral da AELG
- Cesáreo Sánchez Iglesias
Presidente da AELG
- Alejandro Tobar: Laudatio
Entrega da peza escultórica do artista Silverio Rivas.
- Intervención do homenaxeado: resposta á laudatio por parte de Paco Martín.

14.00 h

Restaurante do Hotel Méndez Núñez

Xantar de confraternidade. Aberto aos/ás socios/as da AELG, á vecindade de Lugo e demais persoas interesadas.

HOMENAXE A PACO MARTÍN

S

abido é que as poboacións cativas —e quizais tamén as outras— teñen sempre alguén que vén ser a representación viva das rúas, xardíns e edificios, alguén que encarna a alma de pedra e cemento que as conforma.

A Paco Martín correspondeulle neste tempo esa

responsabilidade e el sóboa aceptar sen reparo e fai por levala coa ledicia e dignidade precisas.

Este recoñecemento que dende a Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega lle rendemos ao autor lugués é ben merecido; éo polo que ten de unión simbólica do escritor coa súa terra e tamén polo singular dunha circunstancia: autor e cidade levan unha chea de anos camiñando ao unísono; non queda atrás nin o un nin a outra, non hai un paso mal dado, non hai un pé a destempo. Cando a Lugo chegou a banda larga, a Paco deulle por redactar unha restra de correos electrónicos, na ficción e fóra dela. Cando nas rúas da urbe a fraseoloxía de noso moldea as conversas, Paco pon a orella para despois nola transmitir, cun certo orgullo non disimulado pola dignidade dos seus veciños. E cando Paco aparca temporalmente a escrita, é porque Lugo está levantado polas obras, claro.

En síntese, esta homenaxe da Asociación de Escritoras e Escritores a Paco Martín é dalgunha maneira a celebración dunhas vodas de ouro, da permanencia e consolidación dun matrimonio civil de garantías, o deste señor xeneroso, culto e traballador cunha cidade inxenua e reservada que só se debe aos seus seres queridos.

HOMENAXE A PACO MARTÍN



asociación de
escritores
en lingua galega
www.aelg.org

LUGO
25 de xuño 2011